

ACTA I

Acta de constitución do Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", fase de constitución e fixación do calendario do proceso selectivo.

Constitución do tribunal

Na Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, urbanización Aldea Nova, Ames, sendo as 08:30 horas do día 1 de xuño do 2026, reúnese o Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", comparecendo os seguintes membros:

Presidente:

Titular: María Lloves Castro, Concello de Ames.

Secretario/a:

Titular: Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

Vogais:

Titular:, Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Titular: Eva Vidal Caamaño, Concello de Brión.

Titular: Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Constitución do Tribunal:

Dada a presenza da presidenta, da secretaria e dos tres vogais, considérase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación e confección do calendario do proceso selectivo.

Calendario do proceso selectivo:

- 01/06/2026 Constitución do grupo de selección. Preparación entrevistas do alumnado traballador.

Calendario selección alumnado-traballador:

- 01 e 02/06/2026 Entrevistas alumnado-traballador.
- 03/06/2026 Publicación resultados provisionais das entrevistas do alumnado-traballador
- 03/06/2026 Fin prazo presentación documentación alumnado-traballador.
- 04/06/2026 Baremo e publicación de resultados provisionais do baremo alumnado-traballador.
- 05/06/2026 Fin prazo presentación reclamacións entrevistas alumnado-traballador.
- 08/06/2026 Fin prazo presentación reclamacións baremo alumnado-traballador.
- 09/06/2026 Publicación resultados definitivos alumnado-traballador.

Calendario selección equipo directivo e docente:

- 02/06/2026 Fin prazo presentación solicitude de participación e presentación de documentación.
- 03/06/2026 Publicación provisional de admitidos e excluídos.
- 05/06/2026 Fin prazo de reclamacións de admitidos e excluídos.
- 08/06/2026 Publicación definitiva de admitidos e excluídos.
- 09/06/2026 Baremo do equipo directivo e docente e publicación de resultados provisionais.
- 11/06/2026 Fin prazo presentación reclamacións do baremo do equipo directivo e docente
- 12/06/2026 Publicación definitiva baremo do equipo directivo e docente. Publicación resultados definitivos.

Dado que no obradoiro de emprego "RENOVA VERDE", se van impartir dous certificados de profesionalidade distintos, tendo en conta ademais que as persoas candidatas que xa realizaron algún dos certificados non poden repetilo, o tribunal encargado da selección acorda preguntar na entrevista ás persoas candidatas a alumnado/traballador que manifesten a súa preferencia respecto ao certificado a realizar co obxectivo da distribución en cada unha das especialidades.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 9:00 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan as persoas asistentes.